



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 18/12/2010.**

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecías.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Romero Ledo.

D. Fernando Márquez Hermida.

Concelleiros ausentes:

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. José Serafín Gudín Sabín.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e catro minutos do sábado día dezoito de decembro de dous mil dez, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día vinteseite de novembro do presente ano dous mil dez. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación.

SEGUNDO. ACORDOS RELATIVOS ÓS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA PARA 2011 EN MATERIA SOCIAL.

Dase conta da moción do BNG en relación con este asunto, presentada con posterioridade á celebración da comisión informativa previa a este Pleno, polo que non foi



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

obxecto de dictame. Toma a palabra o Sr. Soto, para resumir o contido da referida moción, que literalmente di:

“Os orzamentos elaborados pola Xunta de Galiza para 2011 recortan drasticamente os recursos destinados as políticas sociais e, nomeadamente, as transferencias que en materia social realiza a administración galega aos concellos.

Xusto cando, por efecto da crise económica, maior é a necesidade de recursos e prestacións sociais para atender as persoas que con máis dureza están a sufrir as súas consecuencias, o PP na Xunta de Galiza, por medio dos orzamentos, vén conxelar para 2011 as partidas dedicadas a estas persoas, como son as prestacións sociais de carácter periódico destinadas a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, como a renda de integración social de Galiza (RISGA); as Axudas de Emerxencia Social; o Servizo de Asistencia no Fogar e as destinadas ao financiamento dos Plan Concertado e de Servizos Sociais Comunitarios.

Ademais o goberno do PP na Xunta, reduce até deixar en 1,7 millóns de euros a transferencia ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que este ano dispoñía de 4,1 millóns, eliminando así preto de 2,5 millóns de euros o que afecta fundamentalmente a centros de día e outros equipamentos sociais.

Afectan estes graves recortes sociais tamén aos fondos destinados para o desenvolvemento do segundo Plan Galego de Inclusión Social. Só dedica 150.000 euros para atender as persoas sen fogar e deixa en pouco máis de 400.000 euros os fondos destinados aos concellos para o Plan de Atención a Comunidade Xitana.

Resulta tamén grave o feito de eliminar os fondos destinados aos concellos para programas de apoio as familias, onde desaparecen preto de 1,2 millóns de euros e tamén se eliminan os fondos destinados aos equipos de inclusión social das cidades de Galiza e o Consorcio das Mariñas, onde desaparecen, así mesmo, preto de 1,2 millóns de euros.

A Xunta de Galiza e o Parlamento galego deben resolver que os orzamentos para 2011 aseguren os recursos necesarios para que os concellos sigan ofrecendo á sociedade os servizos e prestacións sociais que esta demanda, especialmente diante da crise económica e social que atravesamos, e en concreto:

- Incrementar nunha porcentaxe mínima do 50% as partidas destinadas as rendas de integración social (RISGA), as axudas de emerxencia social e ao Servizo de Asistencia no Fogar.

- Dedicar, como mínimo, ao Plan Concertado e ao Programa de Servizos Sociais Comunitarios, as cantidades consignadas nos orzamentos de 2009 (20 millóns de euros e 10 millóns de euros, respectivamente).

- Dedicar unha partida mínima de 5 millóns de euros ao desenvolvemento do segundo Plan Galego de Inserción Social a través das oficinas de I+B, dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.



- Dedicar, como mínimo, 1 millón de euros á execución do Plan Especial de Atención a Comunidade Xitana.

- Dedicar un partida mínima de 500.000 euros ao Programa de Atención a Persoas sen Fogar.

- Restabelecer e incrementar nunha porcentaxe como mínimo do 20%, respecto ao consignado nos orzamentos de 2010, os fondos destinados aos concellos para apoio as familias e aos convenios para os equipos de inclusión social das sete cidades e do Consorcio das Mariñas.

E, finalmente, os concellos galegos deben, consecuentemente, comprometerse a manter e respectar sen recorte algún, de cara aos orzamentos de 2011, os investimentos en servizos sociais previstos nos orzamentos de 2009 ou 2010, segundo o último orzamento aprobado.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO

1.- Instar á Xunta de Galiza e ao Parlamento galego a que, os orzamentos para 2011, aseguren os recursos necesarios para que os concellos poidan ofrecer á sociedade os servizos e prestacións sociais que esta demanda e necesita, especialmente diante da crise económica e social que atravesamos. Concretamente, os recursos destinados ás rendas de integración social, axudas de emerxencia social, servizo de axuda no fogar, plan concertado e programa de servizos sociais; desenvolvemento do plan galego de inserción social, atención a comunidade xitana, a persoas sen fogar, apoio as familias e aos equipos de inclusión social.

2.- Instar ao goberno local a que manteña e respecte sen recorte algún os investimentos en servizos sociais previstos no último orzamento aprobado.”

Interven de seguido o Sr. Romero, que defende a necesidade de aplicar recortes, dada a actual situación económica, e di que estes recortes teñen que afectar a todos.

O Sr. Márquez fala de seguido para indicar que efectivamente os recortes son necesarios, pero sempre priorizando o gasto, e intentando manter o nivel en servizos sociais e en sanidade, cando menos.

O Sr. Alcalde di que o seu grupo non está de acordo cos recortes que xustifican os causantes da crise, senon que solicita unha política fiscal xusta e redistributiva, na que prime a loita contra o fraude fiscal, en lugar dos recortes indiscriminados recomendados polo FMI, sen que iso queira dicir que non sexa necesario suprimir o gasto superfluo, con ou sen crise.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda prestarlle a súa aprobación á moción de que se trata.

TERCEIRO. APROBACIÓN DO PRESUPOSTO DO CONCELLO PARA 2011.

Dáse conta do expediente incoado para a aprobación do orzamento de que se trata, dictaminado favorablemente pola comisión informativa competente deste Concello.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O Sr. Soto interven para dicir que este novo orzamento presenta un incremento do 12,5% respecto ó anterior, ata chegar á cantidade de 3.461.000 euros, e explica que, das tres grandes liñas de gasto de todo orzamento, persoal, gasto corrente e investimento, neste caso trátase de conter o gasto corrente e o de persoal, pero que os investimentos aumentan nun 42%, sobre todo debido ás previsións sobre financiamento de intervencións no Pazo, por parte da Deputación e da administración central, ás que se condiciona a execución deses investimentos. Destaca tamén a mellora das cantidades reseñadas para transferencias a entidades, para reforzar o tecido asociativo local, e sobre todo do gasto social, que representa o 11%, máis do que se establece como obxectivo xeral para a administración local nos acordos adoptados ó respecto pola FEGAMP, sobre todo pola atención a dependentes, o que determinará o incremento das horas de contrato do persoal adscrito ó SAF.

O Sr. Romero toma a palabra de seguido para indicar que a proposta é semellante ás de anos anteriores, e que non se axusta ós compromisos electorais do BNG nin aporta nada á mellora da calidade de vida dos veciños, xa que non fala das vivendas protexidas, nin do saneamento no rural, e nin sequeira contempla a prometida instalación de marquesinas. Di que non se aprecia contención do gasto, nin en persoal nin en gasto corrente, e que se intúe un incremento da presión fiscal. Cuestiona tamén a oportunidade da compra do antigo cine, que se atopa nun estado case ruinoso e non ten destino concreto, precisamente cando o Concello recibe tamén o Pazo da Marquesa e a casa do médico, prantexando as súas dúbidas sobre a legalidade desa compra, pola posible relación laboral dun concelleiro cunha sociedade copropietaria do inmovible. Critica a deixadez do grupo de goberno no referido ó mantemento da rede viaria municipal e da maquinaria municipal e di que se bota en falta calquera referencia ó polígono industrial, que debería ser o motor do emprego na zona. Remata decindo que falta ambición presupostaria e control do gasto.

O Sr. Alcalde di que solicita ó portavoz do PP á retirada dalgunha afirmación feita, xa que pode ser que non se axuste á realidade.

O Sr. Márquez interven de seguido para dicir que a cooperativa para a que traballa non ten nada que ver coa propiedade dese inmovible, que corresponde parcialmente a outra cooperativa diferente, e ofrece ó Sr. Romero a posibilidade de retractarse do dito, respostándose polo Sr. Romero que simplemente expresou unha dúbida, e non acusou a ninguén de nada. O Sr. Márquez fala de seguido das modificacións que se introducirán na normativa reguladora das becas escolares, coa redución da renda máxima e a modificación do sistema de cálculo, co que se poderán atender solicitudes que quedaron fora neste exercicio. Polo referido a investimentos, di que a Xunta comprometeuse a financiar o saneamento en Piñeiros, pero que en xeral o que ven facendo é reducir as súas aportacións ós concellos, polo que, de non ser pola Deputación, gobernada polo PSOE, a situación dos concellos sería aínda moito peor.

O Sr. Soto interven para respostar ó Sr. Romero que hai que ter cuidado coas afirmacións demagóxicas que se fan, e que parece que se trata de aplicar o argumentario xeral do PP á crítica do proxecto de orzamento, decindo cosas que non son aplicables a este



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Concello. Di que a rede viaria foi obxecto de grandes investimentos, sobre todo as pistas principais de cada parroquia. Respecto ó tema do polígono industrial, di que a competencia para a súa urbanización corresponde á Xunta e concretamente a Xestur Coruña, presidida por Diego Calvo, segundo o convenio asinado no seu día. En canto ás marquesinas, di que a semana próxima instalaranse seis novas e máis outras sete que foron reparadas, e no relativo á presión fiscal, di que non se modificou unha soa ordenanza, que o que se fixo foi recortar o gasto corrente, que se atopa en niveis de hai catro anos. O Sr. Romero di que tamén se fixeron modificacións durante o exercicio para incrementar ese gasto corrente, e o Sr. Soto mantén que o seu programa electoral cumpriuse nun 90%, que se democratizou o funcionamento do Concello porque o Alcalde recibe a calquera que o solicite, que se puxo en marcha o trámite do polígono industrial, se fixo o centro de día e se reduxo o gasto en maquinaria, a pesar de que aghora hai máis e funciona máis tempo. O Sr. Romero di que tamén cando gobernaba o PP as pistas estaban limpas e o lixo recollido. O Sr. Soto di que agora hai recollida de voluminosos e máis maquinaria municipal, incluíndo o vehículo contra incendios. O Sr. Romero di que ese vehículo xa estaba concedido antes do cambio de goberno, e reitera o dito respecto á compra do antigo cine, que entende que non é urxente nin necesario, e que sería preferible ter un lugar onde gardar a maquinaria, e non ter que facer reparacións en casas particulares. O Sr. López Gudín toma a palabra brevemente para indicar que cando accederon ó goberno, o tractor levaba varios meses averiado e os vehículos non pasaban regularmente a ITV como fan agora, e facía falta máis maquinaria e material que se mercou nesta lexislatura. Di tamén que o estado da nave na que se garda este material era lamentable e nin sequeira tiña un carto de baño para o persoal, e que a razón de que se fixese unha pequena reparación polo conductor do camiión na súa casa é que ten foxo, que non existe no local que usa o Concello. Remata decindo que hai cousas por mellorar, pero que xa se mellorou moito nestes anos. O Sr. Soto menciona un remolque inventariado que aínda non se sabe onde está. O Sr. Romero, en relación co tema do lugar para gardar a maquinaria, di que o seu grupo quería mercar os terreos da antiga nave do Cisne, pero que a subasta convocouse cando xa gobernaba o BNG, que non fixo intención de participar nela.

O Sr. Alcalde interven de seguido para dicir que por parte do PP se está a utilizar o argumentario xeral, non axeitado ás características deste Concello, e lembra que o plan de saneamento financeiro aprobado no 2007 polo PP prevía un aumento da presión fiscal que este goberno ven evitando. Sobre o polígono, repite que a obriga da súa urbanización é da Xunta, que a previsión dunha urbanización conxunta ven establecida na normativa urbanística vixente, aprobada nos 90 polo PP, e que no orzamento da Xunta para 2011 soamente se inclúen 25.000 euros con esta finalidade. Menciona finalmente como datos a redución do gasto en comidas, o feito de que as marquesinas que se van mercar este ano costan o mesmo que as adquiridas en 2003 ou a continua insistencia do seu grupo no seu día para que se mantivesen limpas as áreas recreativas, que agora mantéñense en condicións axeitadas.

Sometida finalmente a votación ordinaria a aprobación do proxecto de presuposto para 2011, nos mesmos termos nos que foi redactado, a Corporación, por maioría de seis votos



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

favorables, dos cinco concelleiros do BNG e do do PSOE, con tres votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento deste Concello para o ano 2011, establecendo a súa contía, tanto en ingresos como en gastos, na cantidade de TRES MILLÓNS CATROCIENTOS SESENTA E UN MIL EUROS (3.461.000), e asignando a cada un dos capítulos en que se organiza a súa clasificación económica as seguintes cantidades:

| INGRESOS | |
|---|------------------|
| OPERACIÓNS CORRENTES | |
| Cap. 1- Impostos directos | 595.000 |
| Cap. 2- Impostos indirectos | 45.000 |
| Cap. 3- Taxas e outros ingresos | 246.800 |
| Cap. 4- Transferencias correntes | 1.171.000 |
| Cap 5- Ingresos patrimoniais | 12.000 |
| OPERACIÓNS DE CAPITAL | |
| Cap. 6- Alleamento de investimentos reais | 100 |
| Cap. 7- Transferencias de capital | 1.391.000 |
| Cap. 9- Pasivos financeiros | 100 |
| TOTAL | 3.461.000 |
| GASTOS | |
| OPERACIÓNS CORRENTES | |
| Cap. 1- Gastos de persoal | 1.082.000 |
| Cap 2- Gastos en bens correntes e de servizos | 790.000 |
| Cap. 3- Gastos financeiros | 16.000 |
| Cap. 4- Transferencias correntes | 80.000 |
| OPERACIÓNS DE CAPITAL | |
| Cap. 6- Investimentos reais | 1.449.000 |
| Cap. 7- Transferencias de capital | 28.000 |
| Cap. 9- Pasivos financeiros | 16.000 |
| TOTAL | 3.461.000 |

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución de dito orzamento.

3º.- Aprobar, de conformidade co establecido nos artigo 126-1 do Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 2 de abril, a plantilla que comprende os postos de traballo existentes no Concello, segundo a Relación de Postos de Traballo oportunamente aprobada, e o resto da documentación complementaria adxunta ó proxecto de Presuposto.

4º.- Ordea-la exposición ó público do presente acordo, polo prazo de quince días hábiles, a efectos de posibilitar, no seu caso, a presentación de reclamacións, según dispón o



artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais

5º.- Especificar que, no caso de que non se presenten reclamacións durante o expresado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Orzamento, previo o cumprimento do trámite de publicación do resumen por capítulos, xunto coa documentación complementaria establecida na lexislación aplicable.

6º.- Ordea-la remisión de copias do Presuposto, unha vez aprobado definitivamente, ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

CUARTO.- ACORDOS SOBRE INCLUSIÓN DE BENS NO INVENTARIO MUNICIPAL.

Dase conta do contido da Orde do 6 de xullo de 2010, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se ratifica o acordo de extinción da fundación “Colegio Sagrado Corazón de San Sadurniño” e se dispón a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, e de que a referida fundación designou como entidade destinataria do remanente da súa liquidación a este Concello. Dase conta tamén de que, con data do vintenoventa de novembro pasado, asinou se a escritura pública pola que se entregan os bens desa fundación ó Concello, polo que procede a inclusión no Inventario de Bens do Concello dos bens inmobles nela relacionados, que son os seguintes:

- O Pazo da Marquesa, xunto coa finca axardinada na que se atopa.
- O edificio dunha antiga fábrica de queixos, colindante co anterior.
- A edificación denominada “Casa do Médico”, ubicada na Avenida Marqués de Figueroa, fronte o Concello.

As características detalladas destes bens, que formarán parte das correspondentes follas do Inventario, constan na referida escritura pública, outorgada diante do notario desta localidade, D. Manuel Gancedo Torrego, co número 600.

Entregouse tamén a cantidade de 85.976,88 euros, xa ingresados nunha das contas de titularidade municipal.

O asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello.

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda aceptar o conxunto dos bens procedentes da extinción da referida fundación, e ordear a incorporación dos mencionados inmobles ó Inventario de Bens do Concello.

QUINTO.- ACORDOS SOBRE O CONFLITO DO SAHARA.

Dase conta da moción presentada pologrupa municipal do PP con data do pasado día 26 de novembro, que foi dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello, cuxo contido explica o Sr. Romero e que literalmente di:

“O pasado día 15 de novembro, deputados socialistas no Congreso, liderados pola coordinadora do Intergrupo para o Sahara, repartiron na Cámara Baixa, unha declaración, que



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

supostamente asinaban 6 grupos políticos: PSOE, PP, CIU, PNV, IU e Grupo Mixto, na que se condenaba enérxicamente, e por vez primeira a extremada violencia exercida contra o pobo saharai tanto no Campamento *Dignidad* coma en *El Aaiún*.

Paralelamente, a Ministra de Asuntos Exteriores, facía unhas declaracións na que afirmaba que España estivera sempre a favor da autodeterminación do Sahara, pero resistíase a condenar a violencia exercida por Marruecos, alegando que ninguén o fixera.

Aínda que no comunicado do Intergrupo para o Sahara constaban as siglas de 6 grupos políticos, a realidade foi que se suscribiu samente polo PSOE e o PP, e o que é máis, evidenciando unha auténtica descoordinación entre o grupo parlamentario do PSOE e o Goberno, Dito comunicado foi desautorizado horas máis tarde pola dirección do grupo parlamentario socialista.

Na dirección do PSOE, se seguían instrucións para gardar silencio, e o seu Secretario Xeral, a última hora do día, anunciaba que a Secretaría de Política Internacional, estaba a manter unha reunión en París co *Frente Polisario*, e tras ela se impulsaría unha posición conxunta sobre o Conflito do Sahara de todos os partidos socialistas do Magreb.

Neste desorde de cousas, o PP, considera que o Goberno socialista debe condenar a vulneración dos dereitos humanos no Sahara, porque non hai ningún interés superior ao do respecto pola vida humana.

Cando gobernou o PP se conseguiu que a ONU dictara por unanimidade, unha resolución que recoñecía como oficial a posición de España sobre o Sahara e se instauró a *neutralidade activa*, consistente en incentivar permanentemente a ambas partes a avanzar na resolución do conflito, pero o goberno socialista de agora, mudou de xeito irresponsable a postura tradicional de España, ignorando a Resolución 1495 da ONU.

Co silencio de Zapatero, se traiciona ao pobo saharai por negarlle a opinión para resolver a súa situación. Se traiciona a defensa universal dos dereitos humanos que debe facer España e se traiciona a unha posible solución política e pacífica liderada pola ONU.

Por todo elo, o grupo municipal do Partido Popular no concello de San Sadurniño eleva ao pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

- 1º. Condenar e lamentar as mortes producidas no Campamento cercano a El Aaiún.
- 2º. Manifestar a necesidade de que o goberno central, a UE e a ONU, se involucren activamente na resolución pacífica este conflito.
- 3º. Manifestar o respaldo ao dereito do pobo saharai á autodeterminación que lle conceden reiteradas resolucións da Asamblea Xeral e do Consello de Seguridade de Nacións Unidas, que se exercerá por medio dun referendun libre, xusto, imparcial e baixo a tutela e dirección de Nacións Unidas.
- 4º. Darlle traslado do presente acordo ao Goberno de España, a través da súa Vicepresidencia Primeira, a todos os Grupos Parlamentaruis das Cortes Españolas e á Xunta de Galicia.”

Toma a palabra o Sr. Soto, que solicita que por parte dos partidos estatais se abandone a pasividade e se defenda o dereito de autodeterminación, polo que nin o actual



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

gobierno de Zapatero nin o anterior de Aznar fixeron nada. Engade que sorprende neste asunto o silencio da Casa Real, que non ten dito nada sobre o tema.

O Sr. Romero di que neste asunto hai intereses ocultos que probablemente nunca chegaremos a coñecer en detalle.

O Sr. Alcalde aboga polo recoñecemento do dereito de autodeterminación de tódolos pobos, como defende o BNG, que mantén relacións co Frente Polisario, e achaca a situación a ocultos intereses diplomáticos e comerciais vencellados a Marruecos, culpando ó estado español polo desordenado proceso de descolonización que se deu neses territorios do Sahara.

O Sr. Romero remata o breve debate indicando que o primeiro, neste o noutros casos similares, é o respecto dos dereitos humanos.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria e por unanimidade dos seus nove membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á moción de que se trata.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e vinteseite minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,